



CONCELLO DE
OLEIROS

DECRETO

A medio da presente, convócase ós integrantes do órgano que se sinala á sesión que terá lugar na data, hora e lugar expresados, coa fin de tratar os asuntos engadidos na orde do día que se achega:

- Órgano convocado:

Concello Pleno

- **Data:** Venres, 26 de decembro de 2025 - **Hora:** 10.00 h.

- **Convocatoria:** extraordinaria. - **Lugar:** Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry).

orde do día

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 27 de novembro de 2025.

2º.- Expediente do orzamento xeral do concello, das súas bases de execución e do cadro de persoal para o exercicio 2026. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, do mesmo.

3º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

4º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

5º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

6º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 5, reguladora da Taxa polos servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

7º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.





CONCELLO DE
OLEIROS

8º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

9º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

10º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

11º.- Expediente de modificación da Ordenanza nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

12º.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos. Resolución das alegacións presentadas durante o período de exposición pública e aprobación definitiva, se procede, da mesma.

13º.- Adopción de acordo en canto á emenda de trámite e convalidación do acordo de aprobación provisional da modificación puntual nº 17 do PXOM e do Plan Parcial do SUD-1 (Cividáns- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa.

14º.- Aprobación definitiva, se procede, da modificación puntual nº 18 do PXOM do Concello de Oleiros (A Coruña), para a retirada do catálogo do elemento D-4 identificado como hórreo en Mera.

15º.- Adopción de acordo de participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

16º.- Dar conta dos decretos da alcaldía, dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2025006177 ata o nº 2025006856 (ambos incluídos).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.





CONCELLO DE
OLEIROS

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

Notifíquese a todos os membros da Corporación.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde e o secretario accidental, que da fe (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

